

## TRANSPARENCIA E PARTICIPACIÓN



En AER estamos a percibir como diferentes colectivos e persoas se achegan a nós preguntando se queremos acabar con isto ou con aquilo, se estamos en contra desta ou daquela actuación ou subvención e dándonos razóns a prol ou en contra de cada cousa.

Aclaremos: **AER ten como principio básico, fundamental, que rexe as súas actuacións a “transparencia e a participación”**. Transparencia quere dicir que esiximos contas, queremos toda a información con carácter previo á toma de decisións. A nós que non nos veñan pedir o voto sobre decisións xa tomadas. Cousa que parece un costume neste Concello e que os novos gobernantes manteñen, parecéndose cada vez máis aos anteriores.

**A presenza de AER na Corporación Municipal obedece a unha esixencia da cidadanía por outras formas de facer política.** Porque na política os actos son importantes pero as formas tamén o son. Non entendemos esa política de “non te preocupes que xa cho arranxo eu”, “ti tranquilo que xa...”. Esa arraigada maneira de funcionar non nos vai.

Desgraciadamente, asociacións e persoas que se amosan moi partidarios da transparencia en xeral, deixan de selo cando se trata do seu caso particular. Resulta que por ese motivo estamos a ser incómodos, estamos a incomodar porque non lle poden “arranxar o seu” ou porque “hai que arranxalo doutro xeito”. Non se pode **porque AER PREGUNTA**. E dicimos que AER pregunta, que **non que se opón**. AER pregunta polos convenios e papeis asinados, pregunta polos fondos, canto?, como? por que?. Pregunta polos criterios, pregunta con quen se consultou...

Así **preguntamos pola organización do Conservatorio Municipal** (nº de alumnos por nivel, profesorado, instrumentos, grupos, horarios, etc.), dado que se é unha institución municipal e entre **tódolos cidadáns poñemos 300.000€**, queremos saber, temos dereito a saber, como se gastan eses cartos.

Estamos en contra do Conservatorio? Non, **estamos a favor do Conservatorio**, pero como institución pública non como un “patio particular”.

Preguntamos polas subvencións nominativas, cartos concedidos a dedo, e responden con convenios feitos á présa que ademais de erros “tipográfico-ilóxicos” amosan tamén erros nos datos. Estamos en contra das axudas ao deporte base? Non, pero queremos saber, no nome a cidadanía, por que uns si e outros non, por que a uns máis e a outros menos, etc.

Insistimos, **estamos a prol do deporte base**, de todo o deporte base, pero que as axudas sexan transparentes e con criterios claros e definidos antes das concesións, públicos e publicados.

Preguntamos que convenio existe entre a orquestra de saxos e o Concello, horarios de uso do Conservatorio, se recibe ou non axudas, se hai contrapartidas, etc. Estamos contra da orquestra de saxos? Non, parécenos unha institución digna, respectable e

que nos representa con dignidade en diferentes foros musicais. Pero, **hai algún problema en que as relacións entre as dúas institucións estean reguladas e sexan claras?** Nós cremos que non, non só que non hai problema, senón todo o contrario. A orquestra de saxos non ten por que deberlle favor algún aos políticos da corporación. Nós cremos que ten dereito a que se lle facilite o seu traballo, non a que se lle conceda como un favor escuro.

Preguntamos polas festas, quen cobrou aos chiringos, onde, en que conta, quen controla ingresos e gastos... Estamos en contra das festas do Choco e de Corpus? Non, pero isto non é un “cortijo” particular.

Preguntamos polo aparcadoiro de Mendiño: quen o fixo?, canto custou?, onde está o permiso?

Preguntamos polas exencións do IBI, do lixo, da auga, do imposto de circulación. Estamos en contra de tódalas exencións? Non, dalgunhas si e doutras non.

Deixamos para máis adiante o que significa para nós a PARTICIPACIÓN, xa expresaremos con palabras o que estamos a demostrar cos feitos.

**AER non está en contra de nada sen ter datos, información clara e completa sobre cada céntimo que saia do Concello ou sobre cada decisión a tomar.**

Que ninguén se preocupe (case ninguén), porque somos conscientes de que están a esperar por nós, uns e outros, coa estaca levantada, a ver se metemos a zoca. E por iso temos a honestidade intelectual e a coherencia política de estudar cada tema, consultalo cos implicados, debatelo e despois ofrecer a nosa postura independente e independentemente.